

## ANEXO II

Don/Dona..., NIF..., declara, baixo a súa responsabilidade, para os efectos da súa baremación na fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo de xestión da Xunta de Galicia (grupo B), que superou o proceso selectivo... convocado pola Orde..., diario oficial/boletín núm....

..., ... de... de 2008...

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 17 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de lingua castelá e literatura, matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía, debuxo, francés, inglés, música, educación física, lingua galega e literatura, análise e química industrial, asesoría e procesos de imaxe persoal, intervención sociocomunitaria, organización e procesos de mantemento de vehículos, organización e proxectos de fabricación mecánica, procesos de produción agraria, procesos e medios de comunicación, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos, convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 16 de abril).*

A base común 9.3º da Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que esta será publicada nesta consellería, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>.

Publicadas as puntuacións provisionais e resoltas as reclamacións contra a resolución provisional procédese á publicación da puntuación definitiva da fase do concurso.

En consecuencia, esta secretaría xeral

### DISPÓN:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos

de ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, disciplinas de lingua castelá e literatura, matemáticas, física e química, bioloxía e xeoloxía, debuxo, francés, inglés, música, educación física, lingua galega e literatura, análise e química industrial, asesoría e procesos de imaxe persoal, intervención sociocomunitaria, organización e procesos de mantemento de vehículos, organización e proxectos de fabricación mecánica, procesos de produción agraria, procesos e medios de comunicación, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos, convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de abril). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web (<http://www.edu.xunta.es>).

Segundo.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria

*Resolución do 21 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se comunica a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A base común 7.1 da Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocaban procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que este será publicada nesta consellería, nas súas delegacións provinciais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>.

Publicadas as puntuacións provisionais e resoltas as reclamacións contra a resolución provisional procédese á publicación da puntuación definitiva da fase do concurso.

En consecuencia, esta secretaría xeral

**DISPÓN:**

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 (*Diario Oficial de Galicia*, do 17 de abril). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web (<http://www.edu.xunta.es>).

Segundo.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

**V. ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA**

**XULGADO DO SOCIAL  
NÚMERO DOUS DA CORUÑA**

*Cédula de notificación de auto de aclaración de sentenza (823/2006).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño de que en autos seguidos perante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número 823/2006, por instancia de Manuel Lago Tomé, contra *Harlan Corporate, S.L.* sobre cantidade, ditouse o seguinte auto:

«Na Coruña, 27 de xuño de 2008.

Decido rectificar o erro de transcripción observado no encabezamento da sentenza do 28 de maio de 2008, xa que o segundo apelido do demandante é Tomé e non Torre.

Contra esta resolución non cabe recurso agás o que corresponde á sentenza que se aclara.

Así, o acorda, manda e asina Jorge Hay Alba, maxistrado xuíz do Xulgado do Social número dous desta cidade».

E para que sirva de notificación á empresa *Harlan Corporate, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino esta cédula de notificación.

A Coruña, 27 de xuño de 2008.

María Jesús Hernando Arenas  
Secretaria xudicial

**XULGADO DO SOCIAL  
NÚMERO TRES DA CORUÑA**

*Cédula de notificación de sentenza  
(195/2008).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste xulgado se seguen autos número 195/2003, por instancia de Patricia Pardo Parceiro e outra, contra *Pepes-isi, S.L.* e outra, sobre despedimento, nos cales se ditou sentenza o 10 de xuño de 2008 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Que, estimando a demanda formulada por Patricia María Pardo Parceiro e Noelia Quinteiro Iglesias, declaro a improcedencia do seu despedimento e condeno a empresa *Pepes-isi, S.L.* a que, á súa elección, que se efectuará no prazo de cinco días, as readmita no seu posto e condicións de traballo ou que indemnice a Patricia María Pardo Parceiro coa cantidade de 2.262,33 euros e que lle aboe en concepto de salarios de tramitación a cantidade de 6.350 euros, e que a Noelia Quinteiro Iglesias a indemnice coa cantidade de 818,15 euros, e que lle aboe en concepto de salarios de tramitación a cantidade de 5.112,17 euros, e absolvo da demanda o Fondo de Garantía Salarial.

Notifíqueseles esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo previamente ante este Xulgado do Social, no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Prevense á empresa demandada de que, para recorrer, deberá acreditar o ingreso na c/c de consignacións, código 1533 0000 60 195 08 de *Banesto* (0030) desta cidade, denominada conta do Xulgado do Social número tres, o importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito, sen os cales requisitos non será admitido a trámite o recurso, e quedará firme a sentenza.

Así mesmo, advírteselle á parte demandada que, se fai uso de tal dereito optando por la readmisión, durante a substanciación do procedemento deberá aboar á parte demandante o mesmo salario que percibiría, estando obrigada esta a prestar os seus servizos á demandada, a menos que esta prefira facer